



Colexio Oficial
de Psicoloxía
de Galicia

GUÍA PARA O/A PERITO PSICÓLOGO/A FORENSE

Esta guía foi elaborada pola Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Xurídica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (María Dolores Seijo Martínez, María Alba Sousa González, Ánxela Álvarez Naya, Manuel Vilariño Vázquez, M^a Concepción Abad Alastruey, M. Milagros Martínez García, María Penado Abilleira, Antonio Saco Labandeira e M. José Jiménez Rey).

ÍNDICE

	Páxina
1. Introducción	5
2. O rol do/a psicólogo/a como perito xudicial	5
3. Diferenzas entre a práctica psicolóxica forense e a clínica: o estudo da simulación e da disimulación	6
4. Principais ámbitos de actuación do/a psicólogo/a forense	9
5. O informe pericial: pautas de elaboración e estrutura	13
6. Cuestións éticas e deontolóxicas	14
6.1 A relación do/a psicólogo/a forense e a persoa avaliada	15
6.2 As repercusións do informe pericial psicolóxico	16
6.3 O informe psicolóxico como documento legal (medio probatorio)	17
Referencias bibliográficas	18

1. Introducción

Podemos definir a psicoloxía xurídica como unha área de traballo e investigación psicolóxica especializada cuxo obxecto de estudo versa sobre o comportamento dos actores xurídicos no ámbito do dereito, a lei e a xustiza (Colexio Oficial de Psicólogos, 1988) que, actualmente, conta con criterios, técnicas e procedementos de actuación propios, e validados cientificamente. A psicoloxía xurídica, polo tanto, está en condicións de proporcionar auxilio á xustiza a través das avaliacións forenses ou periciais que leven adiante os/as psicólogos/as. Neste sentido, como psicólogos/as debemos entender a responsabilidade que asumimos na nosa actuación

O fin último do/a psicólogo/a forense é asesorar ao operador xurídico que require a súa intervención para auxiliarse no seu exercicio profesional

profesional, tanto en relación coa psicoloxía como coa sociedade. Así, a calidade da avaliación forense redundará non só en beneficio do/a profesional que practica a proba e nas partes implicadas no proceso, senón que ademais contribuirá a incrementar o prestixio da profesión dentro dos propios tribunais, e de

maneira xeral na sociedade. Con estas consideracións en mente desenvolveuse a presente guía, coa teima de ofrecer ao/á perito psicólogo/a un feixe de consideracións esenciais dirixidas á mellora da práctica profesional.

2. O/A psicólogo/a como perito xudicial

O artigo 335.1 da LEC (Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Enxuízamento Civil) refire: *Cando sexan precisos coñecementos científicos, artísticos, técnicos ou prácticos para valorar feitos ou circunstancias relevantes no asunto ou adquirir certeza sobre eles, as partes poderán achegar ao proceso o ditame de peritos que posúan os coñecementos correspondentes ou solicitar, nos casos previstos nesta lei, que se emita ditame polo perito designado polo tribunal. Xa que logo, o/a psicólogo/a pode ser solicitado/a para que achegue os seus coñecementos naqueles procesos xudiciais nos que resulten pertinentes. Así, o/a psicólogo/a*

forense actúa como colaborador/a ou auxiliar da Xustiza, recaendo sobre el/ela a función de asesorar ao/á xuíz ou ao tribunal a través da achega de coñecementos científicos.

A intervención do/a psicólogo/a, tal e como refire a lei, pode ser requirida mediante designación xudicial, isto é, o/a xuíz ou o tribunal son os que nomean o perito; ou ben de parte, cando as partes implicadas ou unha delas solicitan *motu proprio* a avaliación psicolóxica e presentan o ditame pericial para a súa valoración no proceso. Nas dúas modalidades de intervención, o/a perito ten o deber de respectar unha serie de principios éticos e deontolóxicos que pasan pola súa actuación neutral e imparcial, alén de axustarse a un conxunto de criterios procedementais e metodolóxicos para garantir a calidade da avaliación, e que esta sexa obxectiva e científica. Deste xeito, a función principal do/a psicólogo/a forense é a emisión do informe pericial (medio de proba), que constitúe un documento escrito no que o/a perito expón as súas consideracións e conclusións sobre os feitos que foron obxecto da avaliación pericial.

O/A psicólogo/a forense debe adoptar un rol neutral e imparcial e facer unha avaliación pericial obxectiva e científica

3. Diferenzas entre a práctica forense e a clínica: o estudo da simulación e da disimulación

Aínda que a práctica forense e a clínica poidan compartir certos elementos comúns (p. e., a valoración do estado mental do suxeito explorado), non son equiparables. Os obxectivos que se procuran e as consecuencias que se derivan das mesmas son claramente diferentes. Echeburúa, Muñoz e Loinaz (2011) sinalan as diferenzas entre ambos os dous roles do/a psicólogo/a e entre os ámbitos de actuación (ver cadro 1).

A avaliación pericial psicolóxica está supeditada aos principios que rexen o traballo científico. Xa que logo, ten que permitir a súa replicabilidade e debe ser un proceso transparente e estruturado, que require da formulación e do contraste de hipóteses e implica a toma de decisións para chegar á solución dun problema avaliativo (Fernández-Ballesteros, 2007).

Cadro 1. Diferenzas entre a psicoloxía clínica e a psicoloxía forense (Tomado de Echeburúa, Muñoz e Loinaz, 2011)

	Psicoloxía forense	Psicoloxía clínica
Obxectivo	Axuda á toma de decisións xudiciais	Diagnóstico e tratamento
Relación avaliador-avaliado	Escéptica pero con establecemento dun rapport axeitado	Relación empática
Destino da avaliación	Variables (xuíz, avogado/a, seguros...)	O propio paciente
Segredo profesional	Non	Si
Estándares e requisitos	Psico-legais	Médico-psicolóxicos
Fontes de información	Entrevista. Test. Observación. Informes médicos e psicolóxicos. Familiares. Expedientes xudiciais	As mesmas (excepto os expedientes xudiciais) e a historia clínica
Actitude do suxeito cara á avaliación	Risco de simulación, disimulación ou de engano (demanda involuntaria)	En xeral, sinceridade (demanda voluntaria)
Ámbito da avaliación	Estado mental en relación ao obxecto pericial	Global
Tipo de informe	Moi documentado, razoado técnicamente e con conclusións que contesten á demanda xudicial. Documento legal	Breve e con conclusións. Documento clínico
Intervención na sala de Xustiza	Esperable. En calidade de perito	Non esperable. En calidade de testemuña-perito

O habitual é que na práctica clínica non se describan casos de simulación, polo sinxelo feito de que non se buscan (Rogers, 1997). En consecuencia, o propósito do clínico consiste en axudar o/a paciente a superar a problemática

que refire, sen necesidade, na meirande parte dos casos, de cuestionar a veracidade da sintomatoloxía manifestada. Pola contra, o/a forense non se limita á avaliación do estado psíquico e a interpretar os resultados, senón que ademais ten que estudar e controlar a simulación, debido a que as conclusións da súa análise posúen consecuencias legais que poden motivar á persoa peritada a manipular a información reportada coa fin de obter un beneficio ou evitar un prexuízo (Gómez, Muñoz, Vázquez, Gómez e Mateos, 2012).

De facto, a *American Psychiatric Association* (2002) alerta no DSM-IV-TR que a simulación debe sospeitarse no contexto médico-legal. Este manual defínea como “a produción intencionada de síntomas físicos ou psicolóxicos desproporcionados ou falsos, motivados por incentivos externos como non realizar o servizo militar, evitar un traballo, *obter unha compensación económica, escapar dunha condena criminal ou obter drogas*”. Sendo así, na práctica forense non se pode presentar directamente a diagnose clínica, senón que previamente hai que someter a proba a hipótese da simulación. E, xa que logo, de observarse simulación a diagnose non será válida, mentres que no caso de non ser detectada, asúmese a diagnose clínica acadada (Arce e Fariña, 2007).

Existe, ademais, outro fenómeno similar no tocante a falsear o estado mental, aínda que de natureza contraria, que tamén debe ser obxecto de atención por parte do/a psicólogo/a forense: a disimulación. Esta consiste na ocultación da sintomatoloxía pola parte da persoa avaliada coa finalidade de obter algún tipo de beneficio (p. e., acadar a custodia dos fillos ou fillas). Isto é, o suxeito procura aparentar un estado de salubridade mental ou dar unha imaxe positiva de si mesmo que non corresponde coa realidade no canto de referir o verdadeiro estado mental.

Para a avaliación da simulación/disimulación, segundo recomenda a literatura, acudírase a unha aproximación multimétodo (v. gr., Arce e Fariña, 2007;

**Na práctica forense débese
facer un estudo da
SIMULACIÓN ou da
DISIMULACIÓN. Segundo o
caso, hai que sospeitar simu-
lación ou disimulación...**

Arce, Pampillón e Fariña, 2002; Fariña, Arce e Novo, 2004; Rogers, 1997) na que se combinen técnicas de medida baseadas nunha tarefa de recoñecemento (p. e., instrumentos psicométricos) e coñecemento (v. gr., entrevista clínico-forense) que resultan uns procedementos totalmente efectivos e produtivos na detección da simulación. Así, de acordo con Gómez et al. (2012), na avaliación forense deben contrastarse os datos fornecidos polo avaliado con múltiples fontes de información, o/a psicólogo/a deberá ser coidadoso/a en non inducir/suxerir respostas e estar alerta diante dos indicadores de distorsión da información.

Outro problema adicional que debe ser considerado polo/a psicólogo/a forense é o coñecido como o erro fundamental de atribución (Gómez et al., 2012). O proceso xudicial constitúe un estresor de grande envergadura que pode alterar os datos obtidos no proceso avaliativo, existindo o risco de que o/a forense os atribúa ás características da persoa, e reste valor aos factores situacionais.

4. Principais ámbitos de actuación do/a psicólogo/a forense

Os servizos do/a psicólogo/a forense poden ser solicitados en diferentes ámbitos xudiciais.

4.1. Penal

Neste contexto desenvólense, esencialmente, dous tipos de intervencións: análises da credibilidade da testemuña e avaliacións do estado mental.

Credibilidade

A insuficiencia probatoria constitúe un dos principais óbices para o proceso penal daqueles tipos delituosos que se caracterizan por acontecer en ambientes íntimos ou privados (p. e., a violencia de xénero, a violencia doméstica, as agresións sexuais, etc.). Nestas circunstancias, o/a xulgador/a, en moitas ocasións, vese obrigado/a a ditar sentenza sen poder valerse de medios

diferentes que non sexan as testemuñas das partes implicadas. Polo tanto, a contribución do/a psicólogo/a forense mediante a análise da credibilidade pode ter un papel crucial na carga da proba. Obviamente, antes de proceder co estudo da declaración é preciso obtela. Para este fin, unha das técnicas con maior aval científico e empírico é a Entrevista Cognitiva Mellorada de Fisher e Geiselman (1992). A continuación, pódense aplicar unha serie de procedementos fundamentados na análise do contido da declaración. Os máis coñecidos e empregados son o *Statement Reality Analysis/SRA* (Undeutsch, 1988); o *Reality Monitoring/RM* (Johnson e Raye, 1981) na versión ampliada por Sporer (1997); e o *Statement Validity Assessment/SVA* (Steller, 1989; Steller e Boychuk, 1992), que incorpora como elemento central o *Criteria-Based Content Analysis/CBCA*. As avaliacións mediante o SVA son aceptadas como proba nalgunhas cortes norteamericanas e en varios países do norte de Europa como Suecia, Alemania e Holanda (Bensi, Gambetti, Nori e Giusberti, 2009) e no propio Estado español (Arce e Fariña, 2007). Ademais, contamos cunha proposta integradora do Sistema de Evaluación Global/SEG (Arce e Fariña, 2005) que vai alén do estudo da credibilidade e incorpora a avaliación doutras áreas importantes para a avaliación psicolóxico-forense.

□ Estado mental

As avaliacións do estado mental no contexto penal son solicitadas esencialmente por unha banda, para estudar o dano psíquico que un determinado feito delituoso provocou na vítima e, pola outra, en avaliacións da imputabilidade. En ambos os dous casos deben empregarse protocolos de avaliación psicolóxico-forense que cumpran un duplo obxectivo: estudar o estado psíquico da persoa e controlar a simulación de síntomas. Para este fin, contamos con procedementos avalados cientificamente como son a Entrevista Clínico-Forense (Arce, Fariña e Vilariño, 2010) e o MMPI-2 (ou a nova versión, MMPI-2-RF, mais que aínda precisa de maior investigación para coñecer a súa verdadeira utilidade no contexto forense). Non obstante, o recomendable, co obxectivo

de desenvolver unha aproximación multi-método e multi-medida, é o emprego conxunto de ambas as técnicas (Vilariño, Arce e Fariña, 2013).

4.2. *Familia*

As principais intervencións do/a psicólogo/a forense no contexto xudicial de familia serán en procesos litigantes de separación/divorcio nos que existan nenos/as, ben sexa para instaurar o plan de coparentalidade, no que respecta ao contacto dos fillos ou fillas cos seus proxenitores, ás valoracións de garda e custodia e, en menor medida, de patria potestade (Basanta, Blanco e Rodríguez, 2009). Este tipo de avaliacións son consideradas por diferentes profesionais como unhas das de maior complexidade e dificultade para o/a psicólogo/a forense, que o/a obriga a posuír un nivel elevado de formación e especialización e a empregar protocolos de actuación válidos e fiables (Fariña, Seijo, Arce e Novo, 2002). Como orientación para levar a cabo estas intervencións contamos coas directrices que publicou a American Psychological Association/APA (2010) e a Association of Family and Conciliation Courts/AFCC (2007) e, no noso contexto, coa *Guía de buenas prácticas para la elaboración de informes psicológicos periciales sobre custodia y régimen de visitas de menores* (Chacón, García, García, Gómez e Vázquez, 2009) e a *Guía de buenas prácticas para menores en casos de violencia de género* (Bartolomé, Chacón, García, García, Gómez, Gómez e Vázquez, 2013), editadas ambas as dúas polo Colegio Oficial de Psicólogos de Madrid.

4.3. *Laboral*

Neste ámbito, a intervención do perito céntrase na casuística do acoso laboral ou *mobbing*. Para esta fin, pode acudir ao *Sistema de Evaluación Global* (Arce e Fariña, 2005) adaptado a esta casuística. Xa que logo, a avaliación psicolóxico-forense non diferirá moito da que se leva a cabo con outro tipo de vítimas (estudo da credibilidade do testemuño e avaliación do dano psíquico con control da simulación). Porén, debe comprobarse que os feitos que relata a vítima corresponden realmente co acoso laboral acorde á clasificación de

Leymann (1989, adaptación de González de Ribera de 2002), para o que levará a cabo un diagnóstico diferencial (Hirigoyen, 2013) con respecto a outros fenómenos existentes no mundo laboral (por exemplo, estrés laboral, *burnout*, un conflito laboral ou as propias esixencias profesionais).

4.4. Civil

Nesta área existen diferentes casuísticas nas que pode ser solicitada a intervención do/a psicólogo/a (p. e., accidentes de tráfico, procesos de incapacitación, capacidade de testar, procesos de prodigalidade, etc.), mais que comparten, en esencia, a valoración do estado mental da persoa avaliada e as implicacións do mesmo a escala funcional. Deste xeito, tal e como se referiu con anterioridade para a valoración do dano psíquico no ámbito penal pódese acudir á Entrevista Clínico-Forense (Vilariño et al., 2013) e ao MMPI-2 e, de xeito máis recomendable, ao seu uso conxunto. Por outro lado, nos procesos que fose necesario tamén se pode realizar unha valoración neuropsicolóxica acudindo aos instrumentos axeitados para tal fin (p. e., Escalas Weschler, Test Barcelona, ERFC, etc.). Ademais, non se debe esquecer nunca o control da simulación de síntomas psíquicos ou neuropsicolóxicos.

**Na avaliación forense
débense seguir
procedementos que estean
validados
científicamente**

Existen outros ámbitos e casuísticas para os que se pode solicitar a intervención do/a psicólogo/a como perito. Non obstante, esta guía non ten como obxectivo unha revisión exhaustiva de todas as áreas de traballo do/a psicólogo/a forense, senón expor aquelas máis comúns e, conxuntamente, ofrecer unha serie de indicacións relevantes para unha correcta práctica profesional. Do mesmo xeito, non se pretendeu ser exhaustivo na presentación de todos os instrumentos, métodos, procedementos e técnicas dispoñibles para o labor pericial, limitándose estas páxinas a presentar algúns dos que contan con maior aval científico e empírico á escala do contexto xudicial estatal. Por tanto, o/a psicólogo/a

forense pode decantarse por empregar outras técnicas e procedementos que contén cun recoñecemento científico similar e sendo sempre consciente do seu alcance.

5. O informe pericial: pautas de elaboración e estrutura

De acordo con Basanta, Blanco e Rodríguez (2009), as pautas que se deben seguir para a correcta redacción dun informe pericial son as seguintes:

a) Claridade na redacción. Evitar o emprego na medida do posible daqueles termos de difícil comprensión para legos en Psicoloxía e, de resultar preciso, explicar de xeito comprensible os conceptos psicolóxicos de interese para o caso.

b) Limitarse ao relevante. Non é preciso referir no informe toda a información que se obtén sobre a persoa ou persoas avaliadas, senón que o contido do informe circunscribírase só aos elementos relevantes para o caso e as demandas do/a cliente (xuíz ou parte).

c) Evitar información non obxectiva. De igual xeito que as probas non validadas cientificamente deben evitarse no contexto forense, no informe pericial non se debe introducir información carente de obxectividade.

d) Principio informativo. Con base no feito de que os lectores e as lectoras dos informes serán, case na súa totalidade, non psicólogos/as, a redacción orientarase de xeito informativo.

e) Conclusións: Empregar termos condicionais ou probabilísticos. Por mor de que o coñecemento psicolóxico non está exento de erro taxativo, as conclusións redactaranse en termos probabilísticos (p. e., o máis probable é, é pouco probable, é extremadamente probable) ou condicionais (p. e., poderíase, deberíase, sería recomendable). Alén diso, as conclusións tamén deberían dar resposta ás preguntas formuladas no propio mandato xudicial, que é o que debe determinar o obxecto do informe pericial.

En canto á estrutura dun informe pericial, temos que ter en conta que non existe un modelo ou formato único, aínda que si hai unha serie de elementos que deberían conformar o seu deseño para que este sexa completo, a saber:

Introdución. Neste apartado incorporaranse os datos de quen o emite (profesional, institución, centro, etc.), o número de identificación único e o número de expediente (se se trata dun mandato xudicial) e os datos do/a demandante/denunciante ou da persoa demandada/denunciada. Así mesmo, incorporase o obxecto do informe e cando o houbera, o mandato recollido na providencia. Por último, débese precisar o número e a data das sesións de avaliación con breve referencia ao labor desenvolvido en cada unha delas.

Procedemento ou metodoloxía de avaliación. Exporase o procedemento e as técnicas que o conforman cunha breve descrición das mesmas, mais que permitan ao lector identificar o propósito e utilidade do seu uso (i. e., autor, que avalían, tipo de aplicación, etc.).

Resultados da avaliación. Ofrécense os resultados obtidos nas probas aplicadas (entrevistas, probas psicométricas, etc.) e realízase unha interpretación e unha explicación obxectiva dos mesmos.

Conclusión. Nesta sección preséntanse as conclusións extraídas no proceso de avaliación baseadas na integración dos resultados obtidos na mesma e coa finalidade de dar resposta ao obxecto do informe e, polo tanto, ao mandato (xudicial ou de parte). En consecuencia, é recomendable que este apartado sexa breve e intelixible nas súas implicacións. As conclusións deben basearse en datos obxectivos que fosen observados e recollidos no apartado de resultados.

6. Cuestións éticas e deontolóxicas na práctica forense

O marco xudicial, como contexto no que desenvolve a súa actividade profesional o/a psicólogo/a forense, crea unha serie de retos deontolóxicos específicos que implican algunha desviación ou algún axuste significativo con respecto a outros ámbitos de actuación do/a psicólogo/a. Estas especificidades deon-

tolóxicas do contexto forense xiran ao redor de tres cuestións principais (Echeburúa, Muñoz e Loinaz, 2011): a relación psicólogo/a forense–persoa avaliada, a repercusión do informe pericial psicolóxico e o carácter de documento legal que adquire o informe psicolóxico no contexto forense como medio probatorio.

RECORDAR
que o informe forense non é
confidencial, polo que o/a
psicólogo/a debe aclarar o seu
rol antes de iniciar a avaliación
e proceder á firma dun consen-
timento informado antes de
iniciar a avaliación

6.1. A relación psicólogo/a forense–persoa avaliada

No contexto forense, a persoa explorada non adoita ser o demandante da intervención do/a perito, senón que é unha parte do procedemento legal (denunciante/denunciado/a; demandante/demandado/a). Polo tanto, a actuación do/da psicólogo/a forense adoita ser solicitada por algún dos operadores xurídicos (xuíces, fiscais ou avogados/as).

Esta peculiaridade na intervención do/a psicólogo/a forense compromete o principio deontolóxico da *confidencialidade* (art. 40 do *Código Deontolóxico do Psicólogo*), ademais de poder entrar en colisión cos intereses do peritado (Echeburúa, 2002).

Faise, por tanto, especialmente necesario contar co *consentimento informado* da persoa peritada antes do comezo da intervención (art. 39 do *Código Deontolóxico do Psicólogo*).

Para evitar posibles situacións de *inseguridade xurídica* que poderían ser graves para a persoa avaliada, o/a psicólogo/a forense deberá aclarar o rol da súa intervención antes de comezala, seguindo os artigos 25 e 42 do *Código Deontolóxico do Psicólogo*.

Os intereses en moitas ocasións contrapostos entre a persoa avaliada e a acción legal, motivo da intervención do/a perito psicólogo/a, non deben conta-

minar a súa intervención nin alterar o trato ás persoas peritadas con independencia de súa situación legal (art. 15 do Código Deontolóxico do Psicólogo). Deste xeito, o/a psicólogo/a forense debe evitar, como calquera outro membro do sistema de xustiza, as actuacións que faciliten a vitimización secundaria.

6.2. As repercusións do informe pericial psicolóxico

Os informes psicolóxicos forenses son utilizados polo/a xuíz ou o tribunal para decidir sobre aspectos importantes da vida das persoas implicadas nos procedementos xudiciais (p. e., límites aos seus dereitos fundamentais, resarcimento do dano, regulación das relacións parentais, etc.), o que supón un plus de *responsabilidade* na intervención do/a psicólogo/a nesta área, á vez que esixe da aplicación de altos estándares profesionais e éticos (EFPA, 2001).

LEMBRAR que o/a psicólogo/a forense debe contar con formación especializada para levar a cabo a súa actuación profesional con responsabilidade

Faise imprescindible contar cunha formación específica e actualizada nesta especialidade da Psicoloxía aplicada que garanta as competencias necesarias para o exercicio profesional (art. 17 do Código Deontolóxico do Psicólogo).

A práctica forense acentúa a necesaria fundamentación da intervención nos datos derivados da evidencia empírica, independentemente da formación teórica de base do/a perito/a psicólogo/a (art. 18 do Código Deontolóxico do Psicólogo), sendo preciso trasladar aos operadores xurídicos o alcance e as limitacións das consideracións periciais (art. 48 do Código Deontolóxico do Psicólogo).

Especial coidado deberá ter o/a psicólogo/a forense de non crear falsas expectativas no tocante á súa in-

RECORDAR que a actuación do/a psicólogo/a forense debe ser neutral e imparcial. Tamén debe evitar a vitimización secundaria

intervención aos diferentes operadores xurídicos (art. 32 do Código Deontolóxico do Psicólogo).

6.3. *O informe psicolóxico como documento legal (medio probatorio)*

O documento pericial psicolóxico como documento legal (medio de proba) achegado a un procedemento xudicial está suxeito ao cumprimento dos principios garantistas de todo proceso (publicidade, oralidade, contradición e intermediación), base para facer efectivo o dereito constitucional a unha tutela xudicial efectiva (art. 24 CE).

O informe pericial psicolóxico pode ser criticado por calquera dos operadores xurídicos e pode supor o fornecemento dun contrainforme (art. 347 LEC) como xeito de velar pola seguridade xurídica das persoas peritadas. Esta situación non deberá incomodar ao/á psicólogo/a forense, tendo que estar preparado/a e con capacidade para reaccionar diante das críticas e

Un contrainforme nunca pode ser valorativo das persoas avaliadas no anterior informe nin dos/as profesionais que o elaboraron, senón unicamente do procedemento metodolóxico e empírico seguido para a realización do informe

das queixas coa mesma integridade que, por outra parte, se agarda no seu traballo (EFPA, 2001). Así, o art. 22 Código Deontolóxico do Psicólogo establece os límites da confrontación técnica entre profesionais.

Un contrainforme implica unha metaanálise técnica dun informe anteriormente elaborado por outro/a profesional. Esta nova intervención debe posuír como característica esencial unha forte e contrastada carga científica, técnica e metodolóxica que responda ao seu nivel metapsicolóxico.

Referencias bibliográficas

- American Psychiatric Association (2002). DSM-IV-TR. *Manual diagnóstico y estadístico de los trastornos mentales*. Barcelona: Masson.
- American Psychological Association (2010). "Guidelines for child custody evaluations in family law proceedings". *American Psychologist*, 65, pp. 863–867.
- Arce, R. e Fariña, F. (2005). "Peritación psicológica de la credibilidad del testimonio, la huella psíquica y la simulación: El Sistema de Evaluación Global (SEG)". *Papeles del Psicólogo*, 26, pp. 59-77.
- Arce, R. e Fariña, F. (2007). "Propuesta de un protocolo válido y fiable para la evaluación psicológico-forense de la imputabilidad". En R. Arce, F. Fariña, E. Alfaro, C. Civera e F. Tortosa. (Eds.), *Psicología Jurídica. Evaluación e intervención*, pp. 59-65. Valencia: Servicio de Publicaciones de la Diputació de València.
- Arce, R., Fariña, F. e Vilariño, M. (2010). "Psicología forense de la entrevista de la declaración y del daño psíquico". En R. González-Cabanach, A. Valle, R. Arce e F. Fariña (Eds.), *Calidad de vida, bienestar y salud* (pp. 342-367). A Coruña: Psicoeduca.
- Arce, R., Pampillón, M. C. e Fariña, F. (2002). "Desarrollo y evaluación de un procedimiento empírico para la detección de la simulación de enajenación mental en el contexto legal". *Anuario de Psicología*, 33, pp. 385-408.
- Association of Family and Conciliation Courts (2007). "Model standards of practice for child custody evaluation". *Family Court Review*, 45, pp. 70–91.
- Bartolomé, A., Chacón, F., García, F. J., García, A., Gómez, R., Gómez, R. e Vázquez, B. (2013). *Guía de buenas prácticas para la elaboración de informes psicológicos periciales sobre custodia y régimen de visitas de menores adaptada a casos de violencia de género*. Madrid: Colegio Oficial de Psicólogos de Madrid.
- Basanta, J. L., Blanco, L. M. e Rodríguez, M. J. (2009). "Protocolos de actuación en la prueba pericial. Una guía para la buena praxis profesional". En F. Expósito e S. de la Peña (Eds.), *Procesos Judiciales. Psicología Jurídica de la Familia y del Menor*, pp. 39-50. Murcia: Universidad de Murcia.
- Bensi, L., Gambetti, E., Nori, R. e Giusberti, F. (2009). "Discerning truth from deception: the sincere witness profile". *The European Journal of Psychology Applied to Legal Context*, 1, pp. 101-121.
- Chacón, F., García, J. F., García, A., Gómez, R. e Vázquez, B. (2009). *Guía de buenas prácticas para la elaboración de informes psicológicos periciales sobre custodia y régimen de visitas de menores*. Madrid: Colegio Oficial de Psicólogos de Madrid.
- Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos (1998). *Perfiles profesionales del psicólogo*. Madrid: Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos.
- Echeburúa, E. (2002). "El secreto profesional en la práctica de la psicología clínica y forense: Alcance y límites de la confidencialidad". *Análisis y Modificación de Conducta*, 128, pp. 485-503.

- Echeburúa, E., Muñoz, J. M. e Loinaz, I. (2011). “La evaluación psicológica forense frente a la evaluación clínica: propuestas y retos de futuro”. *International Journal of Clinical and Health Psychology*, 11, pp. 141-159.
- European Federation of Psychologists Associations/EFPA (2001). *The European psychologist in forensic work and as expert witness*. Recommendations for an ethical practice. <http://www.efpa.be>
- Fariña, F., Arce, R. e Novo, M. (2004). “How to detect the malingering of insanity to avoid criminal responsibility”. En R. Abrunhosa (ed.), *Victims and offenders. Chapters on psychology and law*, pp. 229-241. Bruselas: Uitgeverij Politeia NV.
- Fariña, F., Seijo, D., Arce, R. e Novo, M. (2002). *Psicología jurídica de la familia: intervención en casos de separación y divorcio*. Barcelona: Cedecs.
- Fernández-Ballesteros, R. (2007). *Evaluación Psicológica. Conceptos, métodos y estudio de casos*. Madrid: Pirámide.
- Fisher, R. P. e Geiselman, R. E. (1992). *Memory-enhancing techniques for investigative interview*. Springfield: Charles C. Thomas.
- Gómez, R., Muñoz, J. M., Vázquez, B., Gómez, R. e Mateos, N. (2012). *Guía de buenas prácticas para la evaluación psicológica del riesgo de violencia contra la mujer en las relaciones de pareja (VCMP)*. Madrid: Colegio Oficial de Psicólogos de Madrid.
- González de Rivera, J. L. (2002). *El maltrato psicológico. Cómo defenderse del mobbing y otras formas de acoso*. Madrid: Espasa Prácticos.
- Hirigoyen, M. F. (2013). *El acoso moral en el trabajo*. Barcelona: Paidós.
- Johnson, M. K. e Raye, C. L. (1981). “Reality Monitoring”. *Psychological Review*, 88, 67-85.
- Rogers, R. (1997). *Clinical assessment of malingering and deception*. Nueva York: Guilford Press.
- Sporer, S. L. (1997). “The less travelled road to truth: Verbal cues in deception detection in accounts of fabricated and self-experienced events”. *Applied Cognitive Psychology*, 11, 373-397.
- Steller, M. (1989). “Recent developments in statement analysis”. En J. C. Yuille (Ed.), *Credibility assessment*. (pp. 135-154). Dordrecht: Kluwer Academic Publishers.
- Steller, M. e Boychuck, T. (1992). “Children as witness in sexual abuse cases: Investigative interview and assessment techniques”. En H. Dent e R. Flin (Eds.), *Children as witness*. Chichester: Wiley and Sons.
- Undeutsch, U. (1988). “The development of statement reality analysis”. En J. Yuille (Ed.), *Credibility assessment*, pp. 101-119. Dordrecht: Kluwer Academic Publishers.
- Vilariño, M., Arce, R. e Fariña, F. (2013). Forensic-clinical interview: reliability and validity for the evaluation of psychological injury. *The European Journal of Psychology Applied to Legal Context*, 5 (1), 1-21. ISSN: 1889-1861.

Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia



Rúa da Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
cogalicia@cop.es
www.cogalicia.es